

**ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS  
DO INSTITUTO DE EDUCACION SECUNDARIA DE  
MOS**

**ESTATUTOS**

**CAPITULO I  
DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

**Art. 1.a.** Procédese a adapta-los Estatutos da Asociación denominada: **ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS (A.N.P.A.) DO INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE MOS**, inscrita co número **3662** no Rexistro Provincial de Asociacións sen ánimo de lucro e C.I.F. **XXXXXXXX** Os seus fins, medios de acción, composición e estrutura quedan definidos nos presentes estatutos, polos cales rexerese a mesma.

**b.** A A.N.P.A. do Instituto de Educación Secundaria de Mos, rexerese:

- a. Polos presentes estatutos.
- b. Pola lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.
- c. Pola demais lexislación existente en materia de Asociación que lle sexa aplicable.

**Art. 2.** Serán fins de esta Asociación:

- a. Asisti-los país, nais ou titores dos alumnos en todo aquilo que se relaciona ca educación dos seus fillos ou pupilos.
- b. Colaborar nas actividades educativas do centro.
- c. Promove-la participación dos país, nais ou titores dos alumnos na xestión do centro.
- d. Asisti-los país, nais ou titores dos alumnos no exercicio do seu dereito a intervir no control e xestión dos centro sostidos con fondos públicos.
- e. Facilita-la representación e participación dos país, nais ou titores dos alumnos nos Consellos Escolares do Centro e noutros órganos colexiados se fose o caso.
- f. Calquera outro que, dentro da normativa vixente, podera ser adoptado pola Asociación incluídos nestes Estatutos.

En ningún caso poderán ampararse dentro dos fins da Asociación actividades contrarias as Leis ou a boa marcha da ensinanza.

**Art. 3.** O domicilio principal e permanente da A.N.P.A. do Instituto de Educación Secundaria de Mos, radicará en Mos, nas dependencias do Instituto de Educación Secundaria de Mos, sito

no barrio de Estivada – As Pozas de Petelos, podendo utilizar para as súas reunións e actividades as instalacións do centro educativo, de acordo co Director do mesmo.

**Art. 4.** O ámbito territorial e funcional da A.N.P.A. do Instituto de Educación Secundaria de Mos circunscríbese o termo municipal de Mos na provincia de Pontevedra.

## **CAPITULO II DOS SOCIOS**

**Art. 5.** Serán socios numerarios, tódolos nais ou país de alumnos do Instituto de Educación Secundaria de Mos que soliciten a súa inscrición á Xunta Directiva da Asociación. Igual dereito asiste, con idéntico requisito, a quen exerzan a patria potestade ou tutela de alumnos.

**Art. 6.** Son dereitos dos membros da Asociación:

- a. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
- b. Poder elixir e ser elixidos para os órganos de goberno.
- c. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
- d. Aproveitar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poida obter.
- e. Ter copia destes Estatutos.
- f. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
- g. Facer suxestións ós membros da xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
- h. Que se poña a súa disposición as contas da Asociación, así como tódolos documentos xustificativos dos movementos reflectidos nestas contas, como mínimo quince días antes da Asemblea Xeral Ordinaria. Neste prazo tamén terán dereito a examinar os contratos asinados pola Xunta Directiva de se-lo caso.

Excepto no exercicio do dereito o voto, que corresponderá a só un representante legal do menor (pai, nai ou titor), os demais dereitos os que se refire o parágrafo anterior alcanzan ós nais e país, conxunta ou indistintamente.

**Art. 7.** Son obrigas dos asociados:

- a. Aboar as cotas ou pagos que sexan aprobados pola Asemblea Xeral.
- b. Velar polo bo nome da Asociación.
- c. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos, con honestidade e honradez.
- d. Asistencia as Asembleas Xerais.
- e. Observar una boa conducta individual e cívica.
- f. Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva adoptados regulamentariamente.

**Art. 8.** Os membros da Asociación poderán causar baixa polas seguintes causas:

- a. O perder a condición de alumno do fillo/s dos asociados.
- b. Por renuncia voluntaria dos mesmos, mediante escrito dirixido o presidente da Xunta Directiva, procedendo ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.
- c. Por falta de pago nas cotas ou pagos que sexan aprobados pola Asemblea Xeral.

**Art. 9.** A expulsión de membros será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia do interesado. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria.

A baixa definitiva comporta a perda total de tódolos dereitos, e o membro cesado non terá dereito a recupera-las achegas que vira efectuando.

**Art. 10.** A Xunta Directiva poderá acorda-la separación temporal dun membro cando se este tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha da Asociación.

### **CAPITULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**Art. 11.** Son órganos de goberno: a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o Presidente.

**Art. 12.** A ASEMBLEA XERAL é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os socios de pleno dereito que componen a Asociación.

**Art. 13.** A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse con carácter ordinario como mínimo anualmente, a ser posible en data próxima ó comenzo do curso académico, nesta reunión un dos puntos a tratar será a aprobación da xestión da Xunta Directiva durante o exercicio anterior.

Con carácter extraordinario, a Asemblea Xeral reunirse cantas veces o acorde a Xunta Directiva, para tratar asuntos de carácter urxente, ou o soliciten o 10% dos membros da Asociación. Neste caso realizarase por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmar dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

**Art. 14.** A convocatoria da Asemblea Xeral deberá notificarse a tódolos asociados con sete días de antelación, igual que calquera outra reunión da Asemblea Xeral e con referencia expresa dos asuntos que serán tratados.

O prazo aplicable para a convocatoria das Asembleas de carácter extraordinario será de 48 horas, a non ser que circunstancias de urxencia aconsellen o contrario.

As notificacións de convocatorias faranse a través dos alumnos entregándolles escrito onde conste a data de celebración das Asembleas e a orde do día, así mesmo unha copia deste escrito será exposta no taboleiro de anuncios do centro educativo.

**Art. 15.** Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a. Aproba-la acta da reunión anterior.
- b. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior, así como aproba-la xestión da Xunta Directiva durante dito exercicio.
- c. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
- d. Aproba-lo plan de actividades.
- e. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
- f. Exame e aprobación das cotas.

**Art. 16.** Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria.

- a. Aprobación e modificación dos Estatutos.
- b. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva.
- c. Resolver os recursos presentados por medio da Xunta Directiva.
- d. Establecer cotas especiais ou extraordinarias para finalidades específicas.
- e. Tomar acordos pertinentes á fusión ou unión con outras entidades ou asociacións de índole educativo.
- f. Adoptar acordos relativos á comparecencia ante organismos públicos e privados.
- g. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
- h. Acorda-la disolución da Asociación.
- i. Designa-los liquidadores.
- j. Designar o destino do haber resultante da liquidación da asociación.
- k. Ratifica-la expulsión de membros a proposta da Xunta Directiva.
- l. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.

**Art. 17.** Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos membros asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

**Art. 18.** Os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos das persoas presentes ou representadas, é dicir, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións. Desta regra exceptúanse os supostos de modificación de estatutos, disolución da Asociación, disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado, para os que será necesaria una maioría de dous terzos dos votos das persoas presentes ou representadas. En caso de empate, o voto do Presidente ou Presidenta ou de quen exerza as súas funcións será de calidade.

O Secretario ou Secretaria da Xunta Directiva redactará a acta de cada reunión que reflectirá un resumo das deliberacións, o texto de acordos que se adoptaron e o resultado das votacións. Ao comezo de cada reunión da Asemblea Xeral, lerase a acta da sesión anterior para a súa

aprobación si así procede, salvo que a propia Asemblea acorde a aprobación do acta á finalización da súa reunión.

**Art. 19.** Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a tódolos membros, incluso ós non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o Presidente. Seguidamente procederase por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente o Secretario procederá a enuncia-la orde do día.

**Art. 20.** Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día procederase, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan o 10% dos aasociados, a facer una queda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído este, levantárase a sesión por parte do Presidente.

Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral.

**Art. 21.** A XUNTA DIRECTIVA e o órgano executivo encargado de ostentar as funcións representativas e administrativas da Asociación, con facultades para adoptar calquera clase de acordo que non sexa atribuído a Asemblea Xeral por estes Estatutos ou que esta non se reserve expresamente.

A Xunta Directiva estará formada por un Presidente, un Secretario, un Tesoureiro e un mínimo de cinco Vocais. Os profesores do Instituto non poderán ocupar postos na Xunta Directiva, excepto o director que poderá asistir as reunión da mesma, con voz pero sen voto.

A Xunta Directiva poderá designar relatorios integrados por varios socios e presididos por un vocal da mesma, para a realización de plans ou actividades determinadas. Tamén poderá presentar á Asemblea propostas que estime oportunas sobre materias que sexan obxecto da Asociación.

**Art. 22.** Os cargos que componen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas.

Os membros da Xunta Directiva serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá una duración de 2 anos, podendo ser reelixidos para un mandato sucesivo de igual duración.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria, e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día do sucesor ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a un substituto si se trata de renuncia voluntaria.

**Art. 23.** A Xunta Directiva exercerá as seguintes funcións:

- a. Todas aquelas que por delegación lle encomende a Asemblea Xeral.
- b. Levar a xestión ordinaria das actividades da Asociación.
- c. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- d. A consecución de elementos materiais que redunden en beneficio da Asociación.
- e. A aceptación de novos membros.
- f. Adoptar acordos relacionados coa interposición de recursos e accións ante calquera organización e xurisdicción.
- g. Ostentar a representación da Asociación.
- h. Velar polo fiel cumprimento das normas estatutarias.
- i. Interpretación dos estatutos.

**Art. 24.** A Xunta Directiva celebrará as súas reunións presencialmente ou telemáticamente en sesión ordinaria una vez o mes e con carácter extraordinario cando o Presidente o estime oportuno ou cando o solicite a maioría dos seus membros con escrito dirixido o Presidente. En tódolos casos, as convocatorias deberán facerse, cando menos, con vinte e catro horas de antelación.

Será presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente ou o Secretario, por esta orde.

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concurrencia, polo menos da metade máis un dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O Presidente e o Secretario levantarán acta das sesións da Xunta, que se transcribirán ó libro da actas.

**Art. 25.** O PRESIDENTE da asociación asume coa sinatura de representante esta función en tódolos procedementos telemáticos e terá ademais as seguintes atribucións:

- a. Manter ca dirección do Instituto de Educación Secundaria de Mos, o necesario contacto e relación conveniente, en orde á consecución dos fins sociais; en tal sentido, trasladará á dirección do Instituto os acordos da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.
- b. Executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre una e outra.
- c. Presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, decidindo co voto de calidade, en caso de empate.
- d. Representar a Asociación en calquera clase de acto ou contrato e outorgar poderes notariais previo acordado da Xunta Directiva.
- e. Autorizar ca súa firma tódolos documentos da Asociación tanto públicos como privados.
- f. Ordenar xunto co Tesoureiro tódolos gastos e autorizar os pagos.
- g. Coordinar as actividades e levar á práctica cantas iniciativas e xestións considere convenientes para os fins da Asociación.
- h. Dedicar, baixo a súa responsabilidade, os asuntos imprevistos ou urxentes, dando conta posteriormente a Xunta Directiva.

**Art. 26.** O SECRETARIO. Son función do Secretario:

- a. Efectuar as convocatorias para as reunións da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral e levantar actas das mesmas.
- b. Levar o ficheiro e o libro rexistro de membros da Asociación.
- c. Custodiar e levar os libros de Actas da Asociación, expedir copias e certificacións, co visto e prace do Presidente.
- d. Redactar a memoria anual e en xeral, realizar tódalas funcións propias do seu cargo.
- e. Cantas outras funcións se lle encomenden de carácter administrativo polos órganos rectores da Asociación.

**Art. 27.** O TESOUREIRO recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente, dirixirá e custodiará os libros de contabilidade da Asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, e participará en tódalas operación de orde económico.

O exercicio económico durará o mesmo que o ano académico (de setembro a agosto). O tesoreiro ten a obriga de proceder o peche das contas do exercicio anterior antes do 31 de agosto, chegado este día ten a obriga de poner a disposición dos asociados, a contabilidade e tódolos documentos que xustifiquen os movementos reflectidos na mesma. Os asociados disporán entón, dun prazo de sete días antes da celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, para revisar estas contas.

#### **CAPITULO IV RÉXIME ECONÓMICO**

**Art. 28.** A Asociación no momento de adaptación destes estatutos á Lei Orgánica 1/2002 dispón dun patrimonio de 1.000,00 € (mil euros).

**Art. 29.** A Asociación terá plena autonomía, de conformidade coas disposicións legais vixentes para a administración dos seus propios recursos. Subscribirá os seguros para a Responsabilidade Civil.

**Art. 30.** A Asociación manterase dos seguintes recursos:

- a. As cotas ordinarias que se establezan pola Asemblea Xeral.
- b. As cotas extraordinarias que se establezan pola Asemblea Xeral para finalidades específicas.
- c. As doazóns, subvencións ou legados que se reciban.
- d. As rendas de calquera clase que se obteñan dos diferentes bens patrimoniais.
- e. Cantos outros ingresos poidan arbitrarse a través das actividades da Asociación.
- f. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente.

Os recursos da asociación aplicaranse exclusivamente ós seus fins e actividades.

**Art. 31.** A Asociación funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador do orzamento será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes da Asemblea Xeral Ordinaria.

**Art. 32.** Anualmente con referencia ó último día do ano académico, elaboraranse as contas, que serán postas á disposición dos membros da Asociación, durante un prazo non inferior a 7 días, anteriores á data sinalada para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

**Art. 33.** Para as disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas o Presidente, o Secretario e o Tesoureiro, ou aqueles membros que se designen pola Xunta Directiva, para a súa utilización conjunta.

## **CAPITULO V DO RÉXIME DISCIPLINARIO**

**Art. 34.** Será sancionada toda inobservancia dos presentes estatutos, por accións ou omisións e en especial polo seguinte:

- a. Incumprimento dos acordos tomados pola Asemblea Xeral.
- b. Inobservancia de algún dos puntos que constan no documento de Réxime Interno.

**Art. 35.** A competencia para sancionar, corresponde a Xunta Directiva, no obstante, si o sancionado non considerase xusta a decisión poderá elevar recurso á Asemblea Xeral, a cal solicitará a tal efecto á Xunta Directiva, quedando esta obrigada a convocar a Asemblea Xeral Extraordinaria nos trinta días seguintes á petición.

## **CAPITULO VI MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

**Art. 36.** Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou a  $\frac{1}{4}$  dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 7 días para que calquera membro poida dirixir o Secretario as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

**Art. 37.** Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos  $\frac{2}{3}$  dos membros da Asemblea Xeral dos socios.

**Art. 38.** A disolución da Asociación haberá de acordarse en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal efecto para que dita disolución poida levarse a efecto. Terá que ser acordada



polo voto favorable dos 2/3 dos asistentes. A Asociación poderá disolverse tamén polas seguintes causas:

- a. Por imposibilidade absoluta de conseguir os fins que a orixinaros.
- b. Por fusión ou absorción con outra asociación.
- c. Por sentenza xudicial.
- d. Por disposición da autoridade competente.
- e. Por disposicións legais a tal efecto.

**Art. 39.** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres socios liquidadores, que xunto co Presidente e o Tesoureiro, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Art. 40.** O haber resultante una vez efectuada a liquidación, doarase a outra Asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña os mesmos ou semilares fins ós desta Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.